

A Coruña, 07 de febreiro de 2025

Con data 01/10/2023, convocouse a cuarta edición dos Premios Cátedra EMALCSA-UDC, dirixidos a estudantes ou titulados de mestrado que presentasen o Traballo Fin de Máster (TFM), en titulacións da **Universidade da Coruña**, nos cursos académicos 2022/2023 e 2023/2024.

Todos os traballos presentados foron validados e admitidos por cumprir as condicións da convocatoria.

O Xurado encargado de resolver a Convocatoria dos Premios Cátedra EMALCSA-UDC, estivo composto polos seguintes membros do comité Científico Técnico da Cátedra:

- Presidente: Sergio R. Roiloa (UDC)
- Secretario: Ricardo Vázquez Pérez (EMALCSA)
- Vocal: Roberto Bao Casal (UDC)
- Vocal: Ricardo Antonio Juncosa Rivera (UDC)

Reunido o Xurado, e tras analizar polo miúdo os traballos presentados, quere facer constar:

- A gran calidade dos traballos presentados, que reflicten a interdisciplinariedade do traballo no eido dos sistemas de auga urbana, pondo de manifesto a enorme amplitude que presenta o campo dende o punto de vista da investigación e desenvolvemento.
- A rigorosidade da labor desenvolvida polos diversos autores baixo a supervisión dos seus titores, aportando tanto traballos cunha grande calidade técnica e metodolóxica, así como orixinalidade na aproximación aos problemas.
- A importancia deste tipo de traballos académicos para achegar o entorno académico á Sociedade, e mais en concreto o coñecemento e importancia dos diferentes eidos relacionados coa xestión da auga no contexto da área metropolitana, e para a vida das persoas en xeral.

Valorados todos os traballos presentados, o Xurado **resolveu por unanimidade** conceder os seguintes premios e áccesits:

- **Premio:** *Manuel Rubiños Trelles.*

Polo seu traballo “*Análise mediante técnicas de intelixencia artificial de perfís de consumidores de auga en vivendas*”, pola orixinalidades e excelente análise que realiza dunha aplicación práctica dos datos vinculados os sistemas de teleleitura, permitindo identificar metodolóxicamente o mellor xeito de establecemento de patrons e anomalías, de cara a establecer predicións de consumo en sistemas de auga. Esta técnica terá importantes repercusións no futuro cara o aforro enerxético e protección do medio a través de aplicación das técnicas de IA e representa de xeito moi evidente a filosofía do marco DUSA.

- **Accesit:** *Zulma Elizabeth Villanueva Vera.*

Polo seu traballo “*Avaliación da co-dixestión anaeróbica de lodo de depuradora urbana (EDA) e bagazo cervexeiro*”, pola excelente aproximación ao aproveitamento de lodos en depuradoras, incidindo na economía circular como o mellor xeito de optimizar os recursos naturais, e polo excelente campo de traballo que as técnicas de codigestión anaerobia supoñen no eido da depuración de augas residuais para a recuperación de produtos e a súa valorización.

- **Accesit:** *Anxo Balado Candal.*

Polo seu traballo “*Biología e ecoloxía do cangrexo invasor *Procambarus clarkii* no encoro de Abegondo-Cecebre (A Coruña, Galicia)*”, pola necesaria e trascendente investigación sobor unha das principais ameazas á biodiversidade e a calidade do medio, e o prantexamento das implicacións na calidade da auga do encoro de Cecebre, abrindo co traballo un marco de investigación de vital trascendencia para a mellora do abastecemento na área metropolitana coruñesa.

O Xurado desexa facer unha **menção especial**, pola posta en valor da necesidade de desenvolver ferramentas con potencial divulgativo que servan para relacionar o coñecemento, a conservación do medio ambiente, e a auga, ao TFM *“Aprendendo ciencia, consumindo con conciencia: unidade didáctica competencial para o desenvolvemento sustentable”*, de Sofia Gunturiz Paradela.

Asimesmo, traslada as súas felicitacións a todos os participantes, moi especialmente aos premiados, e aos seus titores/as académicos, animándoos a continuar a traballar, dende os postos que ocupen e coas capacidades que teñan, por mellorar o coñecemento e o coidado da auga como fonte de vida no marco metodolóxico DUSA coma un xeito de contribuir a un novo paradigma da xestión da auga, onde a sostibilidade e a integración son os eixos fundamentáis.

En A Coruña, a 07 de febreiro de 2025.

Sergio R. Roiloa
Presidente

Ricardo Juncosa
Vogal

Roberto Bao
Vogal



Ricardo Vázquez Pérez
Secretario